

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Traballo Fin de Estudos
DISCIPLINA	TFE
TITULACIÓN	Título Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Xestual
CURSO	4º
CRÉDITOS ECTS	12
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Ant. Zaida Gómez R.
DOCENTES	<p><b>Nome e apelidos:</b> Ana María Fernández F.  <b>Horario de titorías:</b> Luns; 16.00 a 21.00 horas  <b>Despacho:</b> D2  <b>Contacto:</b> <a href="mailto:ana.mariafernandezfernandez@edu.xunta.es">mailto:ana.mariafernandezfernandez@edu.xunta.es</a></p>
	<p><b>Nome e apelidos:</b> Ant. Zaida Gómez  <b>Horario titorías:</b>  <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titorias">http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titorias</a>  <b>Despacho:</b> D2  <b>Contacto:</b> <a href="mailto:zaida.gomez@edu.xunta.es">zaida.gomez@edu.xunta.es</a></p>
DESCRCIÓN	Elaboración, e posterior defensa, diante dun tribunal, dun traballo de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter superadas todas as materias dos catro cursos.
LINGUA EN QUE SE PRESENTA	Galego x    Castelán x    Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	

- CT1** Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- CT2** Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala axeitadamente..
- CT3** Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- CT4** Empregar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- CT5** Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua extranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
- CT6** Realizar autocrítica respecto ao propio desempeño profesional e interpersonal.
- CT7** Empregar as habilidades comunicativas e a crítica constructiva no traballo en equipo.
- CT8** Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- CT9** Integrarse axeitadamente en equipos interdisciplinares e en contextos culturais diversos.
- CT10** Liderar e xestionar grupos de traballo.
- CT11** Desenvolver na práctica profesional unha ética baseada na apreciación á sensibilidade estética, ambiental e diversa.
- CT12** Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais, artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional seleccionando os canais axeitados de formación continuada posterior.
- CT13** Buscar a excelencia e a calidade na actividade profesional.
- CT14** Dominar a metodoloxía de investigación na xénese de proxectos, ideas e solucións viables.
- CT15** Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e do espírito emprendedor no exercicio profesional.
- CT16** Usar os medios e recursos ao alcance con responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
- CT17** Contribuir coa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia en diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

#### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

- CX1** Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos.
- CX2** Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvemento da súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso salubre do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
- CX3** Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación axeitada entre os medios que emprega e os fins que persigue.
- CX4** Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, así como conseguir a integración en posibles contextos culturais diversificados e no uso das novas tecnoloxías.
- CX5** Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
- CX6** Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e poder adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
- CX7** Valorar a Arte Escénica como una actividade integrada na sociedade e na cultura galega, coas que comparte obxectivos e retos.
- CX8** Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas de pensamento científico e humanístico, as artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión

cunha dimensión multidisciplinar.	
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
<p><b>CEI1</b> Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento dos procesos da interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico, audiovisual ou performativo.</p> <p><b>CEI2</b> Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo axeitadamente, a través do dominio de diferentes técnicas interpretativas.</p> <p><b>CEI3</b> Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.</p> <p><b>CEI4</b> Planificar e desenvolver programas específicos de intervención teatral e/ou performativa.</p> <p><b>CEI5</b> Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.</p> <p><b>CEI6</b> Estudar o feito escénico a partir de diferentes concepcións escénicas, métodos, procedimentos e coñecer aspectos básicos da investigación escénica.</p>	
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
Practicar a creación teatral para sintetizar tódolos aspectos da formación, que corresponden a un/ha artista, creador/a, intérprete e comunicador/a escénico/a para desenvolver unha visión artística persoal que se combina coa de outros/as creadores participando nun proxecto artístico común. Isto implica a elaboración, presentación e defensa dun traballo escénico, acompañado da correspondente memoria.	Da T1 á T17. Da X1 á X8 Da E11 á E16
<b>4. CONTIDOS</b>	
Elaboración dun proxecto en función do deseño proposto e aprobado polo profesorado responsable	360 horas
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Claves xerais</li> <li>2. Planificación</li> <li>3. Deseño</li> <li>4. Realización</li> <li>5. Exhibición</li> <li>6. Memoria</li> <li>7. Defensa</li> </ol>	
<b>TOTAL SESIÓNS</b>	<b>360 horas</b>
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>	
Cada titor/a axudará aos/ás estudantes a planificar o traballo tutelado.	
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE</b>	
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a ubicar a materia e os obxectivos da mesma, así como dun posíbel plan de traballo optativo.
Análise de casos e deseño de proxectos	Deseño do proxecto e seguemento procesual, asignando funcións e responsabilidades e considerando todas as variables que poidan influír no seu desenvolvemento.
Proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias disciplinas e enfrontan aos/ás estudantes, traballando en equipo, a problemas abertos para desenvolver un proxecto.
Resolución de problemas	O/a estudante debe atopar as solucións axeitadas ou correctas mediante a experimentación, a investigación e a procura.

Debates	Análise aberta dos/as discentes en relación á elaboración do proxecto, e dos problemas, artísticos, metodolóxicos, estéticos, prácticos ou técnicos, derivados da súa execución.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Titoría individual	Supervisión e análise do traballo realizado polos/as discentes no proxecto de xeito individual.	
Titoría colectiva (conxunto de membros do proxecto)	Supervisión e análise do traballo colectivo dos discentes no desenvolvemento do proxecto.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8.1 Avaliación continuada, ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Proceso creador e presentación pública (Seguimento de proceso por parte do/a titor/a)	Transversais, xerais, específicas	70%
Memoria (escrita)	Transversais, xerais, específicas	20%
Defensa (oral)	Transversais, xerais, específicas	10%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continuada, ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Entrevistas e Presentación/mostra traballo	Transversais, xerais, específicas	70%
Memoria	Transversais, xerais, específicas	20%
Defensa	Transversais, xerais, específicas	10%
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
Cada titor/a orientará aos/ás estudantes na selección e búsqueda das referencias bibliográficas, materiais e outros recursos específicos para o proxecto.		
<b>10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS</b>		
Os/as estudantes contarán coa titorización dun/ha profesor/a da especialidade en horario que será determinado/a pola xefatura de estudos. Estes deberán atender as solicitudes de atención demandadas polo/a titor/a no seu caso.		
Para a organización, avaliación e cualificación constituiráse un tribunal integrado por tres docentes, tribunal que será nomeado pola dirección do centro, a proposta da xefatura de estudos, estando ao tanto o departamento correspondente. O tribunal estará integrado por un/ha presidente/A, un/ha secretario/a e un vogal.		
A cualificación do TFE, que será única, calcularáse a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal, expresada en termos numéricos con dous decimais. A memoria do proxecto será presentada 7 días antes da defensa do mesmo. Para a adecuada xestión dos tempos, a Xefatura de estudos elaborará un calendario no que constará a presentación dos proxectos na súa dimensión escénica, e a defensa do conxunto, memoria incluída, diante do Tribunal correspondente.		

Recoméndaselle aos/ás discentes que centren o seu acto de defensa na avaliación final do proceso tendo en conta a presentación pública realizada.